



Debuxo de Raimundo Patiño

Galiza capital Madrid

O renacer do nacionalismo galego en Madrid (1958-1970)

**Brais Pinto, o Consello da Mocidade e a orixe da UPG:
unha evolución discontinua**

Xosé Ramón Ermida Meilán

Tempos de Iniciación (*A Torre de Babel*)

Lois Diéguez Vázquez

Carta ao fato "Brais Pinto"

Carlos Velo

Analfabetos gabanciosos

Xosé Ramón Fernández-Oxea (Ben-Cho-Shey)

Constitución da Unión do Povo Galego

Terra e Tempo nº 5

Lembranza madrileña de Ben-Cho-Shey

Juan Soto

Carta circular o Cardeal, Bispos e Cregos de Galicia

Seminario de Cultura Galga do Club de Amigos da UNESCO de Madrid

dosior

Brais Pinto, o Consello da Mocidade e a orixe da UPG: unha evolución discontinua

Xosé Ramón Ermida Meilán

Nun período relativamente curto, isto é, nos últimos cincuenta e na década dos sesenta, Madrid vaise converter nun fervedoiro de galegitude. Esta cidade é no período referido un centro orientador das formulacións políticas que van converter o nacionalismo galego nunha realidade actuante até os nosos días.

Máis aló do Brais Pinto, toca rastrexar naqueles anos madrileños, para saber do Consello da Mocidade, das orixes da UPG, do papel dos nacionalistas galegos, agrupados con vascos e cataláns no Comité das Nacionalidades, no movemento estudantil madrileño ou da Secretaría de Cultura Galega do Club de Amigos da Unesco...

A corrección dunha alternativa non está na suposta solidez dos seus fundamentos, senón na utilidade que estes teñen unha vez sometidos ao contraste da sociedade e na continuidade e capacidade que teñen de influír no tempo. A realidade e o tempo, que son teimosos, deron a razón ás propostas dos nacionalistas galegos en Madrid, fronte a outras alternativas que só deixaron pouso no xeito de operar dalgúns dos seus confesionais por moito que renegaran delas.

O Grupo Brais Pinto, creado en 1958 por estudantes e traballadores galegos residentes en Madrid, vai ser unha realidade heteroxénea tanto na súa composición social como nas motivacións que levaron á súa incorporación aos seus membros.

Brais Pinto é a expresión dunha xeración que quer continuar co lega-

do do Partido Galeguista, hipotecado polos dirixentes de Galaxia. Ao final, a súa actividade quedou limitada ao campo cultural onde destaca a posta en marcha dunha editorial de poesía, xénero literario que non cubría Galaxia. Ramón Otero Pedraio publicará nela a súa única antoloxía de poesías *Bocarríbeira*. Otero Pedraio apadriñou esta aventura editorial e mantivo relacións cos nacionalistas madrileños nos anos sucesivos. Este feito non é unha casualidade, senón que é unha mostra da incomodidade coa que Ramón Otero Pedraio se atopaba diante da orientación que os de Galaxia lle imprimiran ao nacionalismo e do que dan conta diversos escritos do escritor de Trasalba.

Son moitos os que tenden a establecer unha relación causal entre a desaparición de Brais Pinto e a creación da UPG, considerando Brais Pinto a orixe da UPG. Se ben é certo que algúns dos membros de Brais Pinto aparecen na constitución da UPG, Brais Pinto tivo un papel retardador na constitución da UPG pola influencia do piñeirismo nalgúns membros do grupo madrileño.

A orixe do Consello da Mocidade está na progresiva contestación á inhibición imposta polo piñeirismo, na práctica política no campo do nacionalismo por parte dos sectores mozos, no que o grupo de Madrid desempeña un papel central, nos primeiros contactos sen o cribro de Piñeiro cos nacionalistas exiliados (Soto, Velo, López...) e o papel de coordinación de

Antón Moreda, facilitado polo seu traballo como comercial de Galaxia.

O Consello da Mocidade liderado por Antón Moreda, ex-dirixente das Mocidades Galeguistas en Bos Aires, vai agrupar nuns poucos meses máis de setenta mozos de todo o país arredor dun proxecto que formulaba a recuperación do programa do Partido Galeguista. Isto prodúcese nun ambiente non exento de tensións polo peso cualitativo e cuantitativo que exercían os piñeiristas.

O sete de xaneiro de 1964, nunha xuntanza celebrada en Lugo, os piñeiristas expulsan do Consello aquelas persoas que contestaban abertamente a política dos reitores de Galaxia. Entre os expulsados atópanse os nacionalistas de Madrid que remitiran un documento á reunión no que expoñían as bases sobre as que se debía articular a organización.

A ruptura do Consello, mitificada en exceso, non fai máis do que pór en evidencia a existencia de dúas posicións contrapostas: por unha banda, o proxecto de Galaxia que pretendía limitar a actuación do galeguismo ao campo cultural con certo bafo da filosofía alemá máis reaccionaria; pola outra, o proxecto histórico do nacionalismo galego sistematizado no *Sempre en Galiza* e anovado cos folgos das loitas de liberación nacional que se vivían nos países en proceso de descolonización.

A morte do Consello vai acelerar diferentes contactos no primeiro semestre do 1964 entre os seus expulsados e representantes do piñeirismo co fin de analizar as saídas á nova situación creada. En xuño de 1964, coincidindo cunha visita de Xosé Luís Méndez Ferrín a Madrid por mor dunhas oposicións a cátedra, redáctanse os dez puntos da UPG nunha xuntanza na que participan María Xosé Queizán, Xosé Antonio Arxona, Xosé Luís Méndez Ferrín, Raimundo Patiño e Bautista Álvarez.

O grupo madrileño da UPG terá unha importancia cualitativa e cuantitativa central nos primeiros anos da organización. Na década dos sesenta representaba, tal como dá conta Har-



Logotipo do grupo Brais Pinto deseñado por Raimundo Patiño



Madrid, 1958. De esquerda a dereita, Fernández Ferreiro, Otero Pedraio, Bernardino Graña, César Arias e un directivo do Centro Galego de Madrid. Abaixo, Bautista Álvarez, Méndez Ferrín, Raimundo Patiño e outro membro do Centro Galego

munt Heine, a metade da organización. Tamén na correspondencia dos grupos de América se preguntaba pola opinión de Madrid que Luís Soto e Celso Emilio Ferreiro singularizaba en Bautista Álvarez. A UPG madrileña encargárase do reparto da propaganda contra o encoro de Castrelo de Miño; conseguirá os fondos, coa axuda de Luís Seoane, para mercar a primeira multicopista; preparará a edición do número da revista *Signo*, dedicado a Galiza en 1966; colaborará na edición do *Galicia Hoy* de Ruedo Ibérico; editará os primeiros autocolantes da UPG baixo o lema 'Viva Galiza Ceibe e Socialista'; e encargárase da organización do primeiro Día da Patria Galega, o de 1968.

Unha vez constituída a UPG, os nacionalistas galegos que viñan desenvolvendo a súa actividade cultural no Centro Galego de Madrid foron expulsados, baixo a acusación de que as súas actividades encubrían propaganda política. Os nacionalistas galegos en Madrid comezan a súa actividade no Club de Amigos da Unesco onde se constituíu o Secretariado de Cultura Galega.

O Club vai desenvolver un importante labor na creación de conciencia nacional entre os galegos residentes en Madrid, principalmente entre o

estudiantado, onde tomarán contacto con Galiza algúns destacados dirixentes –no futuro– do nacionalismo, como Lois Diéguez, Pilar Allegue ou Vicente Vázquez. O Secretariado de Cultura Galega, cuxo mundo e actividades están ambientadas en parte no romance *A torre de Babel* de Lois Diéguez, verá clausuradas as súas actividades no local de Tirso de Molina, as aulas de historia de Galiza ou de lingua impartidas por Ben-Cho-Shey.

O Secretariado de Cultura Galega non permaneceu á marxe dos debates sociais e políticos do país. Aí está a Carta ao Cardeal, bispos e cregos de Galiza, de enorme difusión, que aparece descontextualizada nunha exposición sobre o 68 compostelán para maior gloria da confusión á que é tan dado este país.

Quixemos aproveitar o cincuentenario da constitución do grupo Brais Pinto para facer unha achega sobre o papel que desenvolveron os galegos residentes en Madrid no proceso de conformación do nacionalismo contemporáneo. Trátase dunha contribución decisiva, ben no plano doutrinal, ben no plano organizativo, pero tamén no actuar político. A realidade que é hoxe o nacionalismo sería unha cousa diferente no seu nivel de introdución social e na súa fisionomía ideolóxica sen a achega do grupo Brais Pinto.

Xa que logo pretendemos facer presente unha parte substantiva da nosa historia, cos seus debates e os seus fitos e introducir claves que nos permitan coñecer e comprender o período, na perspectiva de presentar unha realidade non deformada que non deixe portas abertas á mitificación e á manipulación ■

INFORMACIÓN SOBRE ALGÚNS DOS DOCUMENTOS QUE SE REPRODUCEN

- *Analfabetos gabanciosos. 1962. Vieiros*. México. Ben-Cho-Shey, pseudónimo de Xosé Ramón Fernández-Oxea, nacionalista ourensán, membro das Irmandades da Fala, militante do Partido Galeguista, partido que presidía en Lugo en 1936 o que provocou o seu desterro fóra de Galiza. Amigo de Otero e de Castelao, participou activamente de todas as actividades nacionalistas en Madrid, primeiramente do fato Castelao, despois de Brais Pinto e posteriormente do Club de Amigos da Unesco. É autor dunha importante obra xornalística así como de importantes traballos etnográficos.
- *Constitución da Unión do Povo Galego*. Este texto foi publicado no *Terra e Tempo* nº 5 e elaborado por Bautista Álvarez, Raimundo Patiño e Xosé Antonio Arxona.
- *Lembranza madrileña de Ben-Cho-Shey*. Este texto da autoría de Juan Soto aparece reproducido no libro *Escolma posible de Ben-Cho-Shey*, publicado por Edicións do Castro en 1977.
- *Carta circular ó Cardeal, Bispos e Cregos de Galicia*. Este texto foi difundido polo Seminario de Cultura Galega do Club de Amigos da UNESCO DE Madrid, redactado por Bautista Álvarez e publicado por *Cuadernos para el Diálogo* en xullo de 1967.

Tempos de iniciación

Lois Diéguez Vázquez



Ilustración de Xabier Pousa, pintor vinculado ao ambiente madrileño, publicada na revista *Vieiros*

Eran tempos moi diferentes, aqueles dos anos 1965-1970. Franco mataba pombas cada día, e Fraga tachaba os nosos primeiros versos, a gaña de liberdade, o desexo de expresarse á luz do día. Pero nós, ao inicio, eramos puros, inocentes, sen consciencia aínda do que estaba a ocorrer. Estudabamos en Madrid, simplemente, cos ollos moi abertos para pillar tanta sorpresa: descubrir un acento estraño, outro idioma que non casaba co que ouviamos en Monforte, a burla contra os “gallegos”, despregos... e fronte a isto, as primeiras rebeldías xa por instinto. Na Escola Técnica, os galegos dividímonos en dous grupos: os que se sometían ás burlas dos españois, e os que as confrontamos. A nos acabaron respectándonos. A fin dos outros resultou cruel. Mais eles sementaran a súa dependencia.

E un día topamos nos taboleiros da Escola chamadas para asistir a clases de Historia, Literatura, Lingua e outras materias relacionadas con

Galiza. Aló fomos. A cita era nun edificio da praza de Tirso de Molina, sede do Club de Amigos da Unesco. Coñecemos **Ben-Cho-Sei**, **Bautista Álvarez**, **Reimundo Patiño**, **Ramón de Valenzuela**... Foi un descubrimento. De súpeto, caíanos sobre a consciencia o noso País, a nación que non coñeciamos. Un libro perigoso: **Sempre en Galiza**. E ese nome ao que desde aquela sempre acudimos: **Castelao**. Gustounos o verbo de **Bautista Álvarez**, culto, brillante, apaixonado. Intuíamos unha guerra soterrada cos do PC, mais non tiñamos aínda claves para comprendela. Despois, en Lugo, nos anos 70, para introducir a idea nacionalista, tivemos que combater a outra, moi españolizada, claramente incompatíbel. Actos, festas, mañás dos domingos por Tirso de Molina, o Club de Amigos da Unesco e o Rastro onde descubriamos tamén libros secretos e novas sensacións. Con nos apareceron outros nomes: **Pilar Allegue**, **Vicente Vázquez Dié-**

guez, os irmáns **Cuña Novás**... un grupo vasco moi activo, e de esguello, ao final, **Xabier Alcalá** e até **Andrés do Barro**. Pasamos moitas tardes dos domingos na casa do pintor **Reimundo Patiño**, mirando como ían xurdindo aqueles cadros e gravados de perfís negros e brochazos. Pasamos moitas horas con **Bautista Álvarez** no Breogán, un bar que estaba nunha rúa que daba á Praza de España. E os días de lecer convertéronse xa nunha camaradaría con nova xente: **Xabier Pousa**, a muller del, **Carmela**, a **Cuqui**, que era a **Natalia Escrig**, de pai catalán republicano, a **Carmiña de Cangas** que nos levou á primeira manifestación da nosa vida (nunca pasara tanto medo). Foron anos felices, e agora lembrámoslos coa asa azul que deixa sempre a vida doce. Pensabamos máis nas sorpresas que nos deparaban os días, ou na aventura dos espazos onde nos perdiamos, que na inquedanza estritamente política. Como debía ser nuns mozos e mozas moi vitais.

Cando xa rematabamos a carreira, arredor do ano 1969, a idea nacionalista colleu máis definición. **Patiño**, **Bautista**, propuxéronnos entrar na UPG e aceptamos sen saber exactamente como era. A clandestinidade non permitía os datos. E coa entrada na UPG e a volta a esta Terra naceu unha vida nova. As pezas da sociedade, as nosas, encaixaron nos seus correspondentes ocios. E a nosa primeira novela tomou corpo de realidades, nostalxias e certas fantasías: **A torre de Babel**. A relectura de hoxe fainos sorrir con nostalxia, porque atopamos nela grandes ollos de inocencia e inxenuidade. Mais ten outro interese: descúbrenos aqueles anos sesenta nos que nos formamos, o encontro da patria precisamente na metrópole que a negaba. E, sobre todo, súbitas interpretacións para comprender mellor a nosa historia, tanto no individual como no colectivo. Aqueles anos fixeron o presente. E esperamos que non nolos borren ou silencien no futuro ■



EXTRACTO DA NOVELA "A TORRE DE BABEL" LOIS DIÉGUEZ
(Editorial Galaxia, 1968). (Páx. 261-265)
(...)

Ás once da mañá, Daniel abríu os ollos. Outra vez o sentir, o pensar, o loitar... Facía calor. Os pés, as maos, a cara, notábaos como fervendo, un calor pegañento que lle producía certo nerviosismo. No lavabo, a auga agarimouno e sentíuse distinto. Aínda lle quedaba meia hora pra amañarse, almorzar e chegarse ó club, onde o agardaban.

—¿Queres vir a unha misa ó aire libre? É de galegos.

Xesús, anque esperto, preferiu non responder, e Daniel deixouno.

Mentras pasaba a máquina de afeitar polas meixelas, pensóu nas cousas

do club. Elías i os demáis querían celebrar o día das Letras Galegas con conversas e conferencias. Pra esto precisábase un local, i o club seguía pechado pola autoridade. O día dazasete xa pasara e agardaron ó domingo por si ocurría un milagro, cousa que non chegou. Elías puxérase algo tristeiro.

—Ise é o día grande da Literatura Galega, e quero orgaizar algo tamén grande -decía-, pero anque nelo puxera todas as suas forzas, non puido acadar ren. Gran home, iste Elías. Traballador incansábel pero algo... A xusticia, no seu maxim, era algo distinto, o que ollaba decote. E loitaba pra acadala.

—Pois, sexa como sexa, hai que celebrar ise día.

Agora comentábase con preparar algo bon pra aquil domingo de maio. Madrid estaba en festas. O nome de San Isidro pasaba de boca en boca. Nestes festexos había de todo. As casas rexionales xuntáronse pra ofrecerlle á vila de Madrid mostras representativas dos seus costumes. Aquil domingo, tocáballe ó Centro Galego de Madrid. Prá unha da tarde estaba anunciada a primeira aituación: unha misa de campaña.

Chegóu ó club algo máis tarde da hora sinalada. Agardaban con Elías cinco rapaces máis.

—¿Qué che parecen as copias? Onte quedámonos deica moi tarde, pasándoas á multicopista.

Tiñan moitas. Era a misa en galego que ocupaba tres folios.

—Está ben. O que preparamos tenme cheo de emoción.

Repartimos entre os seis. Cada ún colléu unha morea delas que gardaron entre as follas dun xornal.

Colleron o metro en Tirso de Molina. Dende a Praza de España non tardaron en chegar ós Viveiros nunhos coches que estaban alí escrusivamente para levar á xente á romería.

Caía o sol con toda carraxe. Toda a xente vestía xa roupa de vrao. O ceo amosábase completamente azul, sin unha nube que refrescara o aire da mañá. Antes de entrar, tiveron que pasar por taquilla. "Socios, cinco pesetas. No socios, diez".

O lugar que escolleron prá romería era verdadeiramente fermoso. Moitas albres, chouplos, sobre todo, e negrillos, í herba que cubría o chao.

—Parece que estamos en Galicia —dixo Daniel.

—Nembargantes, nada menos certo. Eiquí en Madrid, saben enganar con calqueira cousa.

Ante dous negrillos outos, estaba instalado o altar onde se celebraría a misa. Os negrillos daban unha sombra que se agradecía, i a xente que iba entrando deixábase ficar ali, agardando que comezase a misa.

Elías i os outros rapaces empezaron a espallar entre a xente coñecida, as

follas que traían. Tódolos amigos do club se xuntaron aquela mañá. Daniel tiña o libriño no que cada domingo leía a súa misa en galego. Para il, polo tanto, a cousa era nova. Algúns ollaban as follas curioseando. Adeptívú que se atopaban nervosos. As maos súas tremaban. ¿Por qué?, preguntouse Daniel. I analizou a situación. Por alí andaban algúns “grises”, ollando todo. Alguhas verbas que se ouviron, inquadadas, i o cadro dos policías foi o culpábel do nervosismo. Pero, ¿qué podían facer? A Daniel non lle importaba. Era a súa lín-goa. Sentiaa moi fonda e arriscárase para que, anque fora por unha soia vez, nun aito oficial, bailara fachendosa polos ventos da capital.

Chegaron os dous cregos i empezaron a preparar o altar. Os direitivos subiron á banda do altar. O Presidente do Centro Galego sentouse no sitio de honor. A mao esquerda a agrupación “Rosalía de Castro”, poñendo no ambiente esas notas ledas que dán as córes dos traxes rexionales galegos.

Chamaron cunha campaiña. O cura rematou de poñerse as vestiduras sagradas. O seu compañeiro chegou-se ó micrófono dende o que dirixía a misa axudado polos fieles.

Os rapaces do club colocáronse ó pé do altar, nos primeiros postos. Fíxose un gran silencio i o cura deixou saír a súas verbas cun tremor canso:

–En el nombre del Padre, del Hijo y...

Elías berrou canto máis puido. Os demais tamén o fixeron, i aquelas voces en minoría, que empezaron con forza a recitar en castelán, foron pouco a pouco engolidas polo galego. O cura que dirixía a misa calou de súpeto, para asegurarse de que ouvira ben. A súa face trocouse de varias ve-gadas. Abríu os ollos fortemente, incredulo. Voltou a aguzar o ouvido. Era certo, aquela xente respostaba no seu idioma. Por unhos minutos quedou calado, sin saber cómo seguir. Pero as voces firmes daquelas xuventudes, voltárono á realidade. Agora falaba con menos forza. A súa expresión era de medo.

Ó lado do presidente, un home leía tamén pola folla que lle deran.

Algúns persoas ollaban fixamente a aquiles rapaces, cada un cun papel branco nas maos. Pouco des-póis, a maor parte da xente respostaba na súa lín-goa.

Detrás de Daniel, un amigo seu berraba tamén como Elías, outo, con seguranza. Na confesión do celebrante, as voces non soaron xuntas como deberan. Un fato de mozos finou antes, de xeito que os restantes, capitaneados por Elías, seguiron recitando durante unhos minutos.

Despois do Evanxelio, o cura preparouse para botar o sermón. Empezou lembrando a pasaxe de Cristo. Seguíu coas recomendacións que mandaba o seu ensino...

–“La Iglesia de Cristo es Universal. Está esparcida por todo el mundo. Tanto en la India, como en la China, como en América, como en España y como en Galicia, sigue siendo la misma. Ella quiere la paz. Ella lucha por la verdad, en todos los sitios ha de ser igual”

A santa misa seguiu o seu decurso. Nises intres en que todos os asistentes están calados atendendo os movementos e rezos do celebrante, o crego daba algúnhos consellos de moral. Pero a medida que pasaba o tempo, a súa voz cambiaba de tono. Todos adevertían que estaba inquadado, fora de sí. I as verbas dos rapaces seguían enchendo o silencio i a súa inquadanza.

Antes da comunión, dixo:

–“Es el momento más importante de la misa para aquel que quiere recibir a Cristo. Los pecados han sido borrados. Acordaros de que por un venial que se cometa, habrá de purgarse en el cielo..., perdón, en el purgatorio. Y es muy fácil cometer un pecado venial. A la Santa Comunión, pues, tendremos que ir limpios de toda mancha”.

Daniel sorría, e sentíu os ollos do crego cravados na súa face. Sentía como unha mágoa polo comportamento daquil ministro. ¿Era tan difícil facerse cárrego dunha loita que tarde ou cedo acabaría por vencer? ¿Por

qué tería aquil home dúbidas que se lían nos seus ollos fuxidíos?

Ó rematar o Santo Sacrificio sentiuse ledó. Xuntáronse todos a comentar. Agora non se ollaba ningún “gris”.

–¿Fixacheste na cara do cura? É galego, como nós, debía estar tremando...

Elías case choutaba de contento.

–Safunos todo moi ben. A xente sabe respostar.

A agrupación “Rosalía de Castro” cantú algunhas cancións. O soído da gaita voou entre os presentes. Cada minuto chegaba máis xente que se sentaba á sombra das albres. Na procesión, tiraron unha chea de foguetes. O Apóstolo Santiago sorría dende o seu pedestal que levaban catro mozos.

–Ise estoupou en galego –dixo ún ollando pró ceo.

Os postos das pulpeiras aliñábanse tamén ás sombras dos chou-plos. O seu cheiro espallábase por tódolos currunchos. As poucas mesas de táboa que bordexaban o campo da festa, estaban compretamente cheas de homes e mulleres.

–Soio falta pechalos ollos e pensar na nosa Terra. Esto está tan ben organizado que case non se distingue.

Os mantos i as comidas empezaron a aparecer sobre a herba, á sombra producida por calqueira ouxeto. As mulleres preparaban o que pouco despois iría medrar o contento de todos. O viño empezaba xa a correr, i os cánticos saían con forza e con paixón. Chegaba o intre das lembranzas, da seña. Os ollos, algún ollos, ficaban quedos, fixos nun punto calqueira, mentras as voces subían deica pegar coas ponlas dos chou-plos.

Daniel deu unha volta pra ollalo todo na compañía dos seus amigos que seguían cantando as miudencias da misa. Perguntábase si sería millor quedarse a xantar con todos iles ou marcharse á pensión, xa que non avisara.

Pero dous rapaces dixeron que se iban prá súa casa, e il determinou tamén facer o mesmo. Non había mozas, polo que se maxinou que chegaría ise intre inevitábel do aburrimiento (...)

Carlos Velo

Carta ao fato

“Brais Pinto”



Meus ben queridos mozos:

Arias, Patiño, Graña, Ferrín, Lourenzo, Gallego, Cribeiro, Ferreiro, Barreiro... euforia saudosa dos nomes labregos. Cando lemos pola radio no México os vosos poemas, páreceme escoitar ao fondó, a múseca dos canteiros de Sande, os abisouros de Novelle, as pescantinas de Salvaterra, ios teares de Lobeira, sinto tamén ós cheiros das apóufigas na Alfamada, os berberechos de Ortigueira, as froumas orballadas de Cartelle io viño a ferver na Cuqueira. Toponimias esvaidas na imaxe, teñen agora gosto de pan centeo quente, filloas de sangue de porco, cachucha fría e sardiñas asadas na lareira da miña nai. Sodes as voces novas que ispertan os meus sentidos de aquí tempo ditoso, que endexamais ben quixen deica perdelo.

Eiquí, dende as lonxanas Américas sabiamos dos manifestos e concursos poéticos que tendes feito. Mais tivo que chegar o infatigable amigo Lois Soto, do seu viaxe pola Terra, co galo de primeiro número de VIEIROS, prá que trouxese os cinco libros da vosa colección e un retrato garimosamente platicado como soilo il na sua pasión sabe faguelo, de cada un dos “Brais Pinto” prá que entón sentíssemos a ledicia do voso existir a emoción infinda do recontro cunha mocidade que a Galiza tiña que parir ou senón morrer.

Si. Ei estades “Brais Pinto”. Cravados en Madr. Onde van os afiadores denantes de percorrer o mundo. On-

de hai que loitar e alcender fogueiras. Ei estades co voso maioral César Arias, loxístico férreo, executivo, como é preciso ser nistes tempos. Sabemos por Soto como Arias mantén intransigente a galegitude indecristábel do faio. Eisí ficará como un espello nídio pras mocidades galegas, das Hespañás e da emigración. Para il vai, dende México, unha aperta de irmandade na mesma esperanza, polo mesmo porvir.

BOCARRIBEIRA, alicerce da colección “Brais Pinto”, tróuxonos poemas de Don Ramón Otero Pedrayo, pra ler e gardar pra sempre no curazón. Amoeiro, Peraño, Martiñá e Quinteiro, paraxes de Arrieiro na Terra dos meus abós. Metereoloxía poética, etnografía romántica, xeórxica xeografía do noso mestre ourensán inesquencíbel, sempre guieiro da mocidade, exemplo de fidalguía, que avencella sen **dúbrida** dúas xeneracións: nós os de NOS e vos os de BRAIS. Cá terra dos chaos de Trasalba, manteña por moitos anos a meirande señor.

POEMA DO HOME QUE QUIXO VIVIR de Bernardino Graña, está cheo de vida, no seu canto popular, friada desfeita, hai celme dos trovadores sobor do limpo cristal rosalino. Anguria da mocidade día... os mundos. Infinda esperanza que atopa un berro cósmico, un vieiro coletivo. Adiante Graña. As portas do silencio xa están abertas.

A NOITE de Xosé Fernández Ferreiro, abraianos coa sua luz. Osíánico, céltigo, pondalián ergue o espírito pola sensualidade. Fusco da prosa, lusco do verso, imaxes cinemáticas en perfecta continuidade emocional. Er-tí (Galiza), asoballada na Noite (Historia), por un vello (?), saíu das rexas mans de Ferreiro, feita muller, virxe nai dunha nova terra, chea de mozos novos, que xa se aprestan en sete bandeiras a pelexar escontra de Hocus, nas serras da lúa.

O QUE SE FOI PERDENDO de Ramón Lourenzo, é o que imos guiando? Co iste cántico preto, pe-

che, onde se fura i esgarbella as dú-bidas, angurias e soidades que afe-rrolan os galegos na sua pauliña. Sí, poderás vencer, Ramón Lourenzo. Fálanos, síguenos falando dende a soma da noite. Eiquí escoitamos a tua teima sen acougo o teu ouveo infatigable, pois xa se albiscan faís-cas dun Fogo Novo.

ACOITELANDO NA ESPERA. Xosé Alexandre Cribeiro non perde o tempo. A sua Galiza é muller, deses-pranza, sangue, terra e beizos. Cine-asta ben ourentado, fai o inventario dos encuadres con paixón e door. A tua lúcida eispreisión chega até os que, tamén coma ti Alexandre, agardamos loitando por aquela mañán na que xuntos faremos, pros homes do mundo, imaxes policromas da Nosa Nai.

O trisquele do “Brais Pinto” é un pano viñota de volta do vira, ou a pedra lucente dun afiadador de Nogueira de Ramuín . E povo. Nos seus tecidos, ou nos seus brilos desintégrese a grafía romántica, polo arte novode Reimundo Patiño. Os teus valentes deseños, xunto cos de Alfonso Gallego botarán aturuxos de coor en VIEIROS, resoando nos sete mares.

Benqueridos rapaces, sabedes que dende ista bocarribeira oceánica, aqueles homes que quixeron vivir na liberdá, prá quenes todos mse foi perddendo na noite, fican agora acoi-telados na espera, agardando nas cidades das gaivotas o paso das baan-deiras neboentas?

Sabedes cecais, que estes vellos afiadores que vos lén, endexamais enterraron as afiadas fouces? Matinades vós, cantos anos levamos ou-teando pro ourizante, uliscando o ve...? Das queimadas, prá botar o mar as dornas, cos nosos fillos e netos, rumbo as apertas dos ir-máns?

Coidamos que si, sigamos pois para diante, deica atopar a ditosa encrucillada.

De cote voso amigo.

México, 1962 ■

Analfabetos gabanciosos

Xosé Ramón Fernández – Oxea
(Ben-Cho-Shey)

Chámase analfabeto aquel que non sabe lere nin escribir e, polo xeral, aplícase iste calificativo os que non manexan a lectura nin a escritura do propio idioma, do idioma nativo.

Porque, fora de ahí, todos somos analfabetos dos idiomas alleos e, siñón todos e de todos, sí, polo menos dos máis diles.

Claro está que si ben é unha proba de cultura e de silencioso poseer cantos mais idiomas extranxeiros se podía, no é, pola contra, mágoa algunha o non saber mais que o propio idioma. O que sí constitúe unha grandísima vergoña i é causa incluso de menosprecio por parte dos mais para o analfabeto é non saber expresar gráficamente na súa línгаа.

Por esta razón a xente precúra en todo o mundo, saber lere e mais escribir ben e sin fallas de ortografía a línгаа materna pra non sere considerado como un home inferior ou como unha besta polos seus conciudadáns.



Ken Keirades (Manuel García Barros) e Ben-Cho-Shey, dous galeguistas da preguerra que conectaron coas novas xeracións nacionalistas

ñas, que se gaban de non saberen o galego, ofenderíanse terriblemente si se dubidase dos seus coñecementos de francés ou calquer outro idioma extranxeiro, anque o falen con moito tarballiño e “comme une vache espagnole”, si é que o falan. Pero, eso si, presumir presumen de políglotas e logo fallan pola base.

No fondo deste problema hai un complexo de inferioridade, que levan consigo moitos galegos, e unha cuestión crematística: o saber galego non produce cartos. Aun distes tales, que me dixó unha vez que non enxerguía o galego que escribimos nós, contesteille: “Si nise galego, que dis, que non enxergues, che escribiran unha credencial de vinte mil pesetas, ¿a que o enxerguerías”? Vaia se enxerguería, anque fose escrita en chino.

Hai que di que é patriótico falar en castelán, como se os dous idiomas non fosen compatibles, pois da a casualidade, que os galegos mais cultos son os bilingües, entre outras razóns por aquilo que dixó o emperador Carlos I de que o home é tantas veces máis home cantos mais idiomas domine. Pero istes paxaros son os que a hora da invasión yanky se dan presa a depender o inglés para gañar máis cartos e os que non se avergoñan de poñer nas portas e nos escaparates das súas tendas letreros en inglés despoixas de tanto falar de patriotismo.

Velaí unha tristeira condición de moitos galegos: a de arrenegar da súa fala e gabarse de a non saber, sen se decatarse de que os alleos que lle escoiten tal afirmación formarán un mal xuízo diles e pensarán que son como se arrenegan da súa nai. E os que se avergoñean e renegan da que lles deu o ser teñen un nome moi enxebre que, si foi dabondo usado polos clásicos españoles, non quero poñelo eiquí pra non sentar praza de tremendista. E abonda.

Boeno, eso de todo o mundo... A regra xeral é esa: que todos seipan falare, ler e mais escribir e correitamente a lingoaxe da súa terra, a línгаа que mamou desde naceu. Todos, menos os galegos e que se salve o que podía. Pois o certo é que o que en calquer país civilizado sería un baldón pra unha persoa meianamente culta, trócase nun motivo de orgullo entre certos galegos e a maioría diles gábanse de non saberen ler nin escribir e nin xiquera enxerguere a súa línгаа vernácula.

A cousa parecerá paradóxica ou, si se quer, monstruosa. Pero a realidade é que en calqueira intre se pode atopar con un Doctor universitario, que presuma de saber tailandés, poñón por caso, e que, sin o menor escrúpulo lle diga a un: “Pues yo no le entiendo el gallego, ¿sabe?. Afirmación mintireira e gabanciosa, porque na realidade enteder, enténdeo.

E o mais tremendo do caso é que istes mesmos señores, donas e doni-



Madrid, 1962 ■

Terra e Tempo nº 5 (ano 1966)

Constitución da Unión do Pobo Galego

En novembro de 1963 foi redactado o documento que se pode considerar o verdadeiro escrito fundacional da UPG. Foi declarado nulo cando os seus promotores ingresaron no “Consello da Mocidade”. O seu espírito foi recollido no “Programa Mínimo”, de xuño de 1964. Cosideramos de interes pra os lectores a transcripción dos seus pasaxes que conservan actualidade e non foron anulados por resolucións posteriores.

FUNDAMENTO. Galiza ten o dereito que lle compre a toda nación de que a sua nacionalidade seña recoñecida.

Nas atuais circunstancias da Península, Galiza está chamada a desaparecer si non se leva a cabo a acción directa que os tempos esixen pra o seu salvamento.

A Historia ten demostrado dábondo que a emancipación de Galiza non pode ser deixada nas mans das clases capitalistas, que non mellor dos

casos non acadarían máis que unha Galiza nacional pola forma e burguesa polo seu contido.

Tal Galiza non sería buscada polo capitalismo ne máis pra esplotala directa ou indiretamente. A experiencia indícanos, amáis, que a burguesía sempre estará disposta a traicionar a Galiza i entregala ó primeiro que chegue, con tal de que isto permita calquer xeito de explotación do pobo galego.

Non se pode matinar, xa que logo unha Galiza ceibe si a sua liberación non está baseada nas arelas do pobo, isto é, das clases traballadoras. E tampouco se pode matinar nun pobo galego entanto a patria siga escrava.

A loita emancipadora do pobo galego compre, polo dito, que se faga contra as forzas, de dentro e de fora de Galiza, que descoñezan a sua nacionalidade ou coiden impedir que as clases traballadoras conquiran o poder.

FINS

1. Peninsoares:

- O recoñecemento de todas as nacionalidades da Península Pirenaica.
- A estrolturación de taes nacionalidades nunha unión federativa peninsoar.

c. O paso do poder ás mans dos pobos dos diversos países peninsoares.

2. Nacionaes: A emancipación do pobo galego —labregos, obreiros, mariñeiros— e a sua toma de poder por meio dunha Galiza liberada e ceibe dentro da unión federativista peninsoar.

COMPOSICIÓN. A Unión do Pobo Galego fica aberta a todo partido, agrupamento ou individuo galegos que recoñezan os fundamentos i estean dispostos a loitar polos seus fins.

Namentres dure a Unión do Pobo Galego, os partidos, agrupamentos ou individuos comprométense á máis estreita colaboración poñendo os programas, plans e tácticas da Unión por riba dos programas, plans e tácticas particulares.

Continuan outros seis apartados que versan encol do “ ingreso”, “ organización”, “ misión dos orgaísmos”, “ disciplina”, “ disolución” e “ reforma da constitución” (...)



Lembranza madrileña de Ben-Cho-Shey

Pasaron dez ou doce anos. Ben-Cho-Shey daba clases de galego todos os domingos pola mañá no “Club de Amigos de la UNESCO”, instalado no primeiro piso da madrileña praza de Tirso de Molina. Daquel entón saíron moitas cousas. Por exemplo, unha multicopiada “Carta ao Cardenal, bispos e cregos de Galicia” sobre a necesidade de empregar o galego na liturxia. Creo lembrar que o seu principal artífice e redactor fora Bautista Álvarez. Sairon tamén panfletos, manifestos e os primeiros auto-colantes que convertiron a moitas cidades do noso país nun Viva Galicia (ou dicían “Galiza?”). *ceibe e socialista*. Ninguén podía negar que por aquí hai que rastrexar os comezos da U.P.G (Dicíase entón “upegué”, non “upegá”) e do seu boletín “Terra e Tempo”, cuxo primeiro número saíu en 1965. A Ferrín xugabao o T.O.P. Era a primeira vez que nas Salesas se pronunciaban, de xeito oficial e acusatorio, as siglas U.P.G. Polo mesmo banquillo pasaba, cunhas semanas de diferenza, Alberto Mínguez, acusado de propaganda ilegal en virtude da difusión clandestina en España do libro “O pensamento político de Castelao”, do que el era antólogo e prologuista. Defendera a Mínguez, o avogado vigués Valentín Paz Andrade.

Raimundo Patiño expuxera á consideración pública a súa teoría plástica do politexturalismo. Vivía nunha rúa do Paseo de Extremadura na que faciamos longas tertulias dominicais os seus amigos do Club de la UNESCO. Tanto como Patiño –mais tan diferente a como Patiño– pintaba Xavier Pousa. Alexandre Cribeiro cara facía máis versos que películas. Lois Diéguez e Vicente Vázquez Diéguez –que todavía non casara con Pilar Allegue– escribía novelas. Madrid estaba tomado por Galiza.

“Brais Pinto” –hai que buscar a súa orixe na Asociación de la Prensa de Vigo, cousa que non moita xente sabe– case non era. Non se falaba todavía de “nacionalistas” e “sucursalistas”, pero as vinculacións políticas comezaban a separar a uns e a outros. Novo-



Fragmento do cuadro “Castrelo de Miño”. Cadro pintado por Raimundo Patiño no 1968, técnica mixta sobre contrachapado

neira atopara un pequeno traballo en televisión: o seu programa “Poesía en Compostela” pechaba as emisións do día. Por aquela época fixemos un “Signo” –o semanario dirixíao Rafael González e pechouno Fraga– adicado a Galiza. Saíu un par de días antes do tristemente célebre referendo do 66. “La juventud dialogará en serio”, tituláramos a obrigada editorial sobre o tema. Andaba por Madrid un rapaz lucense Xan Teixeira Conde, que meses despois ía ser xulgado no consello de guerra sumarísimo. Todavía cumpre condena no penal de Xaén (e a progresía sen se enterar). Da oscurantista Universidade española botaran a Tierno (que era amiguete de Soares), Aranguren, Montero Díaz (un dos tres niños bonitos de El Ferrol, xunto con Torres Ballester e Carvalho Calero) e García Calvo. “Todo lo que esperas no lo verás” escribía poucos anos o entón catedrático de latín da Complutense, nunha confesión de escepticismo ben distante da euforia optimista daquela

época. Alí, na mesma Complutense, nunha confesión de escepticismo ben distante da euforia optimista daquela época. Alí, na mesma Complutense, cantaba Raimón antes de enmudecer até o postfranquismo. Cando se inauguraba a Feira do Libro –primeiro en Recoletos e despois no Retiro– vendiamos o fondo bibliográfico de “Galaxia” (non había moito máis do que botar man), nunha caseta pequena que rexentaba Ben-Cho-Shey.

Si, detrás de todos aqueles días, animando aquela Galiza desterrada en Madrid, sempre estaba Ben-Cho-Shey.

Pola súa casa da Rúa Martín de los Heros pasamos todos os galegos que soñabamos –vana ilusión tantas veces– en converter o noso vocerío iracundo e folclórico nun compromiso eficaz para o noso país. Detrás de Galiza estivo sempre Ben-Cho-Shey. Os que puidemos aprender del tantos sacrificios, sentímonos agora irremediábelmente frustrados, pero entrañabelmente agradecidos ■

Seminario de Cultura Galega do
Club de Amigos da UNESCO de
Madrid

Vai xa pra dous anos que Castela, Euzkadi e Cataluña, seguindo as normas do Concilio Vaticano II, puxeron a Liturxia nas súas respectivas línguas vernáculas. Galicia, apesares de contar cun idioma de seu, no que se espresa habitualmente a mor parte do Pobo, sigue esquecida niste senso por os representantes da Eirexa. A nosa fala no acadou o canto que lle está reservado no altar e no púlpito.

Dende fai séculos, por unha conduta que non queremos acusar agora de tencioada, o galego foi recuando pouco a pouco ante o castelán na difusión da doutrina cristián. Foi proscrito na predicación e perseguido nos Seminarios. Perseguido, nas casas de formación relixiosa, non somentes descoidando o seu ensino senón incluso, chegando a inculpar o emprego do mesmo na conversa familiar dos alumnos coas propias sancións dunha falta grave de discipriña.

Verdadeiramente, contra a nosa vontade, temos que sentirnos doídos ante esta triste realidade. Coidamos xustificado o noso resentimento sin que sexa preciso insistir na enumeración de feitos que firen a dinidade do noso Pobo. Como galegos que levamos o peito aceso no amor da Terra, vémonos na obriga de pedir á Eirexa de Galicia unha conduta máis en consonancia coas correntes que arestora alentan no cristianismo conciliar.

Por eso, o SEMINARIO DA CULTURA GALEGA, departamento do CLUB DE AMIGOS DA UNESCO, decidiu en assemblea, deixar costancia do problema prantexado na Liturxia, e dirixirse a todos os cregos de Galicia en percura de reitificación.

Como membros dun club da UNESCO, asístenos o dereito e o deber de secundar os esforzos deste Orgaísmo, que se manifesta en apoio das culturas minoritarias. Iste é o motivo máis importante que nos empuxa a escribir esta circular. Poderíamos traer en axuda da nosa postura razóns de tipo teolóxico e pastoral, que sabemos existen. Pero non queremos pecar de intrusos invadindo campos

Carta circular o Cardeal, Bispos e Cregos de Galicia




Revista editada en Madrid, na que tiveron acollida varios artigos de galegos. Neste número hai un texto de Bautista Álvarez co título "A eirexa galega aínda fala castelán", así como colaboracións de Fernández Ferreiro, José Luís de Dios e Ben-Cho-Shey

allos á nosa competencia. Somentes apelamos ó testimonio pontificio e conciliar dos tempos derradeiros.

Xoan XXIII, na encíclica PACEM IN TERRIS, dinos que é de xusticia canto

se faga en apoio das línguas e culturas nas minorías nacionais. Os cregos deben ser os primeiros interesados na difusión desta doutrina. É o seu deber. Desconfiamos de que podan face-



lo se, no seu espallamento, non utilizan o idioma do seu pobo. Por forza ten que se dar unha rotunda contradición cando, na maneira de difundir unha doutrina, estase mancando xa o espírito da mesma.

O Concilio Vaticano II da un paso máis adiante, e **recomenda** o emprego das línguas vernáculos non sómentes na predicación, feito que da por descontado, aínda que en Galicia non tivera vixencia dende fai séculos, senon incluso, como instrumento litúrxico. Ben nos decatamos do significado da verba “recomendar”, que val tanto como aconsellar, sin que chegue a prosupoñer unha verdadeira obriga no senso máis estrito da palabra. A obrigación radica no deber que teñen todos os cregoss de volver realidade iste desexo.

Todos sabemos que a Eirexa recomenda a frecuencia de sacramentos, e teríamos dereito a sospeitar da ortodoxia dalgún representante de Cristo que fixese caso omiso desta

recomendación, e non loitara por facer chegar ós fieles os ensinamentos do maxisterio pontificio.

¿Cómo se ten respondido en Galicia a esta chamada do Concilio? ¿Cál é a postura dos nosos eclesiásticos? En Cataluña e Basconia foron os mesmos párrocos os que pasaron á firma dos seus feigreses istancias en demanda da Liturxia no idioma vernáculo. En Galicia, non sómentes desasistiron ós fieles nesta tarefa, senón que chegaron a manifestar unha opinión completamente contraria. Lembremos as declaracións no “Faro de Vigo” de moitos cregos galegos.

¿En qué se basea, pois, a súa postura tan desfasada da realidade? En ocasións chegan a botar mao da falla de prestixio social da nosa língoa. Mais esta sería unha postura crasista; unha postura anticristián. Nembargantes, se podemos presumir un pequeno vencellamento dos nosos cregos coas correntes de arestora, teremos que supoñelos enterados do forte rexurdir do

A edición da revista *Galicia Hoy* (1967), corre a cargo –baixo pseudónimo– de Seoane e Díaz Pardo. Nela repásase a Galiza daquel momento, con varias referencias á UPG e reprodución de varios dos seus textos

idioma galego como canle de cultura e de conversa nos meios intelectuales e universitarios. E, ¿de quén é a mor parte da culpa dun suposto desprestixio, dunha suposta degradación social, que no queremos negar de que a houbera? A Eirexa galega, escluindo do púlpito a língoa vernáculo, foi o factor máis importante nesta depauperación idiomática. Debe ser ela, entón, a primeira en reivindicala. Aínda que o Pobo non pedira a galeguización da Liturxia, non habería que esquecer que é vítima dunha concencia alleada por moitos séculos de colonización idiomática.

Pero foron milleiros de instancias, xa colectivas, xa individuoas, as que se remitiron ó Cardeal de Santiago demandando o cumprimento dos mandados conciliares neste senso. Apesares deso, a Eirexa sigue sorda.

Non podemos deixar sin loubanza a conduta que moitos cregos manteñen en pro do que vimos defendendo. O número vaise engrosando día a día. Agardamos que poidan contar axiña co respaldo dos que aínda non se decataron das responsabilidades que teñen contraídas coa súa Terra, do mesmo xeito que agora contan co noso e co da Eirexa Universal.

Pedimos e supricamos, como galegos e como defensores dos Dereitos Humans, a galeguización da Liturxia, e a utilización da língoa propia no espallamento da doutrina cristián. Con isto, non se faría máis que seguir o exempro de Xesucristo que fixo as súas predicacións, non no idioma oficial –o arameo–, senón no do seu pobo –o galileo–. Secundaríase o mandado do Espírito Santo que concedeu ós apóstoles o don das línguas pra que evangelizaran ó mundo nas falas dos paíse respectivos.

Que non se esqueza a Eirexa que é responsábel diante a historia de Galicia. Que percore deixar o máis limpa posíbel a páxina que lle toca escribir agora, na esperanza de que este redundará principalmente en beneficio da súa misión.

Madrid, Maio do 1966 ■